



FILLOS DO SOL

A elucubración teatral dirixida por Cándido Pazó sobre a figura de Eduardo Pondal e a súa obsesión coa obra que o ocupou toda a súa vida como escritor, *Os Eoas*, chega ao FalaRedes 2019 da man de Contraproducións.

O programa de dinamización lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística dáse cita, na recta final da súa oitava edición, co controvertido escritor que, xunto con Rosalía e Curros, constituíu un dos tres pés poéticos do Rexurdimento Galego e que encamiñou a súa obra á recuperación da lingua e da cultura galegas. Fillos do sol é unha peza teatral emotiva e divertida sobre os derradeiros anos de Eduardo Pondal, escrita e dirixida por Cándido Pazó, con César Cambeiro, Adrián Ríos e Alba Bermúdez.

A peza, a cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática, presenta o personaxe desdoblado nun DON EDUARDO, xa octoxenario e comesto pola neurose dos seus últimos anos, confronta as súas dúbidas, medos e insatisfaccións creativas cun personaxe nacido da súa perturbación: EDUARDO, que non é outro ca el mesmo, de mozo, nos inicios da súa carreira literaria. E, como contrapunto, a vida real e diaria representada por ROSA, a criada nova da pensión na que o bardo pasou a derradeira etapa da súa vida.

Dirixida a público adulto desde os 14 anos, poderase gozar, do 3 de novembro ao 8 de decembro, en nove localidades da Rede de Dinamización Lingüística: Cambados, Mos, Foz, Viveiro, Verín, Xinzo de Limia, Santa Comba, As Neves e Salceda de Caselas.

Coma sempre no FalaRedes, a entrada a todas as funcións é libre e de balde ata completar a capacidade dos espazos programados. Toda a información sobre a oitava edición está dispoñible no Portal da Lingua Galega <http://www.lingua.gal/FalaRedes> e na Axenda de Cultura de Galicia.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

FILLOS DO SOL

NOVEMBRO

- Domingo 3: **Cambados**, no Auditorio da Xuventude, ás 19:00 horas
- Sábado 9: **Mos**, no Auditorio do Torroso, ás 19:00 horas
- Sábado 16: **Foz**, na Casa da Cultura, ás 20:30 horas
- Domingo 17: **Viveiro**, no Teatro Pastor Díaz, ás 20:00 horas
- Venres 22: **Verín**, no Auditorio Municipal, ás 20:30 horas
- Sábado 23: **Xinzo de Limia**, na Casa da Cultura, ás 20:00 horas
- Domingo 24: **Santa Comba**, no Auditorio do Multiúsos, ás 19:00 horas



DECEMBRO

- Sábado 14: **Salceda de Caselas**, no Auditorio Municipal, ás 20:00 horas
- Domingo 15: **As Neves**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 horas

